

CONVOCATORIA E BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA ACTUACIÓNS NO ÁMBITO SOCIAL EN 2026

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, convoca cada ano unha liña de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro co fin de promover a realización de actuacións centradas nos colectivos que, polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga, se atopen en situación de desvantaxe e vulnerabilidade social e precisen apoio.

Segundo o establecido no artigo 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais está facilitarlles alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se encontran en situación ou en risco de exclusión social, e as entidades de iniciativa social son un instrumento necesario para complementar as políticas públicas neste eido.

A través desta liña de axudas, a Deputación de Pontevedra impulsa a posta en marcha de actividades e iniciativas promovidas polas entidades sociais da provincia, co obxectivo de mellorar a calidade de vida e fomentar a integración das persoas en situación de especial vulnerabilidade. Con esta convocatoria, a institución provincial consolida o seu compromiso co tecido social destinando un total de 600.000 euros ao seu financiamento.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

En particular, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto se lles atribúan nas leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Con base no exposto e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento e aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actividades e proxectos de índole social que se desenvolvan na provincia de Pontevedra durante o exercicio de 2026, destinados a colectivos que, polas súas circunstancias persoais, psíquicas, físicas, socioeconómicas ou de natureza análoga, se atopen en situación de risco ou vulnerabilidade social.

Segunda. Principios reguladores

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios previstos na base décimo segunda e cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.

Terceira. Financiamento, contías e límites

A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 26/231.2313.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a seiscentos mil euros (600.000,00 €), que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 80 % do seu orzamento nin a cantidade de oito mil euros (8.000,00 €).

Cuarta. Entidades beneficiarias e requisitos

Poderán solicitar estas axudas as entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a. Ter a sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por “delegación permanente” aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realizar as súas actividades.
- b. Estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.
- c. Carecer de fins de lucro e ter finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.
- d. Estar ao corrente de pago no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

- e. Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

Quinta. Gastos subvencionables e exclusións

Serán obxecto de subvención as actuacións relativas a programas, proxectos e/ou actividades de promoción e inserción social, a prestación de servizos sociais e, en xeral, as que persigan un interese social para mellorar a calidade de vida das persoas que se atopen en situación de risco ou vulnerabilidade social.

As actuacións subvencionadas deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2026.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada.

En ningún caso terán a condición de gastos subvencionables os seguintes:

- Os proxectos, programas ou actividades subvencionados no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións da institución provincial.
- Os gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono, alugueiro, limpeza etc.).
- Os destinados a atencións protocolarias (comidas, festas, recepcións, agasallos, flores...).
- As adquisicións de bens ou os gastos que teñan a consideración de investimento.
- Os gastos relativos a actividades lúdicas, culturais, deportivas ou turísticas e a servizos de restauración e cátering que non se correspondan co obxecto do programa.
- Os gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de natureza análoga.

- Os relativos a manutención e desprazamento, agás que a entidade solicitante especifique claramente a necesidade e a adecuación deses gastos á finalidade da actividade subvencionada.

Sexta. Compatibilidade e incompatibilidade das subvencións

As subvencións concedidas pola Deputación de Pontevedra nesta convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais; en ningún caso a contía total das subvencións poderá superar o custo real da actividade subvencionada.

Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra e, nese caso, o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Benestar Social contempladas no Orzamento desta institución para o exercicio de 2026 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio.

Sétima. Lugar de presentación de solicitudes

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/64849178>), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIE).

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, excepto que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- NIF da entidade solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Domicilio fiscal da entidade.
- Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT e coa ATRIGA, e ao corrente do pago coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.

En caso de opoñerse á consulta, deberá indicalo no cadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes. No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento.

Así mesmo, comprobarase a inscrición da entidade solicitante no RUEPSS da Xunta de Galicia, sen que sexa necesaria a referida autorización por tratarse dun rexistro público.

Décima. Documentación complementaria

Para todas as solicitudes é obrigatorio presentar a documentación que proceda en arquivos independentes en formato PDF, co nome de cada un deles:

- Acreditación da capacidade de representación da persoa que actúa en nome da entidade, cando non se empregue un certificado electrónico cualificado de representante. Esta acreditación poderá facerse por calquera dos medios recollidos no artigo 5 da LPACAP e no 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e na demais normativa aplicable.
- Proxecto descritivo da actividade para a que se solicita a subvención, segundo o establecido no documento anexo a estas bases. Non presentar o proxecto constituirá un defecto non emendable, e a solicitude non se admitirá a trámite ao ser esencial para a súa tramitación.
- Escritura de constitución da asociación ou entidade e estatutos vixentes coa composición actualizada da Xunta Directiva, para aquelas entidades que participen por primeira vez nesta liña de axudas ou que sufrisen algunha variación respecto á última documentación presentada nesta liña de subvencións.
- Co fin de valorar os criterios da entidade, de acordo co contemplado na base décimo segunda, deberá achegarse coa solicitude, se procede, o seguinte:
 - Documentación acreditativa da coordinación e traballo en rede con entidades e institucións durante o período de 2025-2026.

- Calquera outro documento relevante para os efectos desta convocatoria.

As entidades responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite.

Non será válido usar outros medios de comunicación, coma correos electrónicos ou outros. Así mesmo, só poderá contactarse coas entidades por teléfono con fins informativos ou aclaratorios; estas chamadas rexistraranse no expediente, pero non terán valor xurídico.

Décimo segunda. Valoración e criterios de concesión

Os criterios de valoración das solicitudes clasificaranse nos relacionados coa entidade e co proxecto presentado, segundo se detalla nos apartados seguintes, nos que se indican as puntuacións máximas asignadas a estes.

Cada actuación poderá obter ata un máximo de 100 puntos; quedarán excluídas as entidades que non acaden unha puntuación igual ou superior a 40 puntos. Os criterios especifícanse a continuación:

A) Criterios relacionados coa entidade (máximo de 20 puntos):

1. Traxectoria da entidade, ata un máximo de 10 puntos.
 - Antigüidade de máis de quince anos: 10 puntos.
 - Antigüidade de entre dez e quince anos: 7 puntos.
 - Antigüidade de entre cinco e nove anos: 3 puntos.
 - Antigüidade de menos de cinco anos: 1 punto.

2. Coordinación, colaboración e traballo en rede con outras entidades ou institucións no período de 2025-2026: 2 puntos por entidade, ata un máximo de 10 puntos.

Para que poidan avaliarse todos os criterios recollidos no apartado anterior, deberá acreditarse documentalmente coa presentación da solicitude.

B) Criterios relacionados co proxecto obxecto de subvención (máximo de 80 puntos):

1. Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades, ata un máximo de 15 puntos.
 - 1.1. Claridade na descrición do proxecto e idoneidade deste para cubrir as necesidades que pretenda paliar ou mellorar: ata un máximo de 5 puntos.
 - 1.2. Formulación de obxectivos xerais e específicos e concordancia coas actividades: ata un máximo de 5 puntos.
 - 1.3. Estabilidade e continuidade, tempo que leva desenvolvéndose o programa para o que solicita subvención, e continuidade prevista e descrita do proxecto: ata un máximo de 5 puntos.

2. Persoas beneficiarias directas do proxecto, ata un máximo de 5 puntos.
 - Menos de 25 persoas: 1 punto.
 - Entre 25 e 50 persoas: 3 puntos.



- Máis de 50 persoas: 5 puntos.
3. Implantación do proxecto no territorio da provincia, ata un máximo de 10 puntos.
- Ámbito local: 5 puntos.
 - Ámbito comarcal ou supramunicipal:
 - De tres a cinco concellos: 6 puntos.
 - Máis de cinco concellos: 7 puntos.
 - Ámbito provincial: 10 puntos.
4. Achega económica propia da entidade para desenvolver a actividade ou o proxecto obxecto de subvención, ata un máximo de 10 puntos.
- Maior do 20 % e ata o 40 %: 3 puntos.
 - Maior do 40 % e ata o 60 %: 5 puntos.
 - Maior de 60 % e ata o 80 %: 7 puntos.
 - Maior de 80 %: 10 puntos.
5. Metodoloxía proposta para a realización e indicadores de avaliación, ata un máximo de 10 puntos.
- 5.1 Definición da metodoloxía proposta, das ferramentas, técnicas e instrumentos máis idóneos e acordes para desenvolver o proxecto: ata un máximo de 5 puntos.
- 5.2 Descrición do proceso avaliativo, coa definición de indicadores específicos e accións programadas para cumprir os obxectivos, ferramentas e instrumentos de avaliación empregados: ata un máximo de 5 puntos.
6. Temporalización do proxecto que se levará a cabo, ata un máximo de 10 puntos.
- Menos de tres meses: 3 puntos.
 - De tres a seis meses: 5 puntos.
 - Máis de seis meses: 10 puntos.

7. Equipo profesional da entidade destinado ao proxecto con perfís profesionais técnicos do ámbito social: 2 puntos por cada profesional, ata un máximo de 10 puntos.
8. Innovación e calidade do proxecto, ata un máximo de 5 puntos.
 - 8.1. Innovación na atención ás necesidades descritas no proxecto ou na metodoloxía empregada: ata un máximo de 2,5 puntos.
 - 8.2 Calidade xeral do proxecto : ata un máximo de 2,5 puntos.
9. Plan de difusión detallado: descrición de como se dará a coñecer o proxecto, a quen se dirixe e como se medirá o seu impacto. Compromiso de enviarlle ao Servizo de Benestar Social, durante o desenvolvemento do proxecto, a difusión deste e das actividades, notas de prensa relacionadas, a súa publicación en redes sociais etc.: ata un máximo de 5 puntos.

Décimo terceira. Procedemento de concesión

13.1. A concesión das subvencións realizarase a través do procedemento de concorrencia competitiva.

Establécese un prazo máximo de oito (8) meses, que se computará a partir do día seguinte en que remate o prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do establecido no artigo 23.1 da LPACAP. Transcorrido o devandito prazo sen que se resolva nin se notifique a resolución, as entidades solicitantes poderán entender que a súa solicitude foi desestimada por silencio administrativo.

13.2. Instrución do procedemento

A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefa do Servizo de Benestar Social, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación, así como a avaliación das solicitudes segundo os criterios establecidos nesta convocatoria en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución provisional, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.

No exercicio das súas funcións, o órgano instrutor poderá solicitar tanta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información e dos servizos.

O órgano instrutor realizará un informe-proposta no que se recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e se detallarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e, no caso das excluídas, o motivo.

Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado pola Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle propoñerá motivadamente ao órgano competente a concesión ou desestimación das solicitudes tramitadas. A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto por:

- Presidenta: a xefa do Servizo de Benestar Social.
- Vogais: dúas traballadoras sociais funcionarias do Servizo de Benestar Social.
- Secretaria: unha técnica do Servizo de Benestar Social, que actuará sen voto.

13.3. Resolución provisional de solicitudes

Unha vez recibido o informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución provisional, a cal se lles notificará ás entidades solicitantes mediante a súa publicación na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<http://sede.depo.gal>). Esta notificación terá o carácter de colectiva, para os efectos do previsto nos artigos 45.1.b da LPACAP e 24.4 da LXS.

As entidades propostas como beneficiarias admitidas e excluídas disporán dun prazo de dez (10) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da proposta de resolución provisional, para formular alegacións.

Neste trámite de audiencia poderán manifestar a súa aceptación ou renuncia; de non comunicar nada no devandito prazo, a axuda terá a consideración de aceptada.

13.4. Resolución definitiva

Unha vez efectuados os axustes derivados das renuncias e alegacións, formularase unha proposta de resolución definitiva, que conterá a relación de entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención e o seu importe, e na que se especificarán a avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectuala.

Para calcular a contía da subvención, empregarase un algoritmo no que se terán en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria.

A Xunta de Goberno, logo do informe da Intervención, resolverá definitivamente a aprobación das subvencións e indicará as entidades beneficiarias e os importes concedidos. A resolución incluírá a relación de solicitudes denegadas e os motivos do seu rexeitamento.

As entidades beneficiarias poderán rexeitar a subvención concedida no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOPPO da resolución definitiva de concesión.

A resolución definitiva ponlle fin á vía administrativa. Contra esta poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous (2) meses, de acordo co establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime oportuno.

Décimo cuarta. Notificacións e publicacións

As resolucións e os actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://dehu.redsara.es>.

A notificación entenderase practicada no momento no que se acceda ao seu contido e rexeitada cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades solicitantes avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practícaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Décimo quinta. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, en particular, as entidades beneficiarias deberán:

a) Levar a cabo a actuación subvencionable nos prazos indicados na súa solicitude, así como presentar a xustificación na forma e no prazo.

b) Realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán, polo menos, en incluír a imaxe institucional da Deputación de Pontevedra en carteis, placas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou en calquera outro medio de proba que permita constatar a realidade e a veracidade da difusión.

O manual de imaxe corporativa poderase consultar en <https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>.

Excluíranse desta obriga aquelas subvencións nas que, pola súa natureza, a publicidade poida ser contraria ao respecto e á salvagarda da honra, da intimidade persoal e familiar das persoas físicas ou calquera outra na que, pola súa imposibilidade material, se xustifique a súa exención consonte os termos da convocatoria.

c) Pagarlles ás e aos acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as persoas ou as entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán facelo cando cobren a subvención e deberán realizar o pagamento no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro.

d) As entidades beneficiarias deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).

Excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma de pagamento e así quede acreditado no expediente, poderá empregarse o pago en efectivo.

O incumprimento desta disposición para gastos que superen o importe de novecentos euros (900,00 €) suporá que estes se consideren non subvencionables,

segundo o establecido no artigo 38.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

e) Informar de calquera eventualidade ou circunstancia excepcional e debidamente xustificada que altere ou dificulte o desenvolvemento da actuación subvencionada.

f) Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada.

g) Someterse ao control financeiro da subvención concedida nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da institución provincial na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.

h) A actividade desenvolvida pola entidade debe cumprir coas obrigas establecidas na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; co Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; coa demais lexislación vixente en materia de igualdade; e co exercicio dos dereitos fundamentais das persoas.

Décimo sexta. Subcontratación

Enténdese que unha entidade beneficiaria subcontrata cando concerta con terceiras persoas a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Quedará fóra destes conceptos a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer a entidade beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

A subcontratación, parcial ou total, non excederá do 50 % da actividade subvencionada. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que aumenten o seu custo e non lle acheguen valor engadido ao seu contido. As e os contratistas

estarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, a cal asumirá a responsabilidade total da execución fronte á Administración.

As entidades beneficiarias non poderán subcontratar as persoas ou as entidades previstas no artigo 29.7 da LXS:

- a) As que estean incursas nalgunha das prohibicións do artigo 13 da LXS.
- b) As que percibisen outras subvencións para realizar a actividade obxecto da contratación.
- c) As intermediarias ou asesoras nas que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custo total da operación, excepto que este pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) As vinculadas coa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:
 - 1. Que se obtivese a autorización previa e expresa do órgano concedente.
 - 2. Que o importe subvencionable non exceda o custo no que incorra a entidade vinculada. A acreditación do custo realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para acreditar os gastos da entidade beneficiaria.
- e) As solicitantes da axuda ou da subvención na mesma convocatoria e proxecto que non a obtivesen por non reunir os requisitos ou non acadar a puntuación suficiente.

Segundo o disposto no artigo 31 da LXS e na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para os contratos menores, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores antes de contraer o

compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que, polas súas especiais características, non exista no mercado un número suficiente de entidades que o realicen, o presten ou o subministren, ou salvo que o gasto se realizase antes de concederse a subvención.

Décimo sétima. Xustificación

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias poderán xustificalas ata o 31 de xaneiro de 2027, este incluído.

As entidades beneficiarias deberán presentar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/public/dymanic/catalogo/tramitesxenericos>), a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", a seguinte documentación en arquivos independentes en formato PDF co nome de cada un deles e cun índice numerado de acordo con esta orde:

1. Memoria explicativa e detallada da realización da actuación, na que se mencionen expresamente os resultados obtidos, o cronograma de execución, o número de persoas beneficiarias e os recursos materiais, humanos e financeiros aplicados ao proxecto, e na que se indique se se cumpriron os obxectivos propostos.
2. Acreditación da difusión do financiamento obtido. No caso de que figuren logotipos doutras entidades no material gráfico empregado, deberase aclarar o motivo da súa inclusión (achegar o documento gráfico).
3. Conta xustificativa dos gastos segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica (anexo II.A COD SIA: 288331 Mod.: 231.D086G).

Os gastos xustificados deberán axustarse aos conceptos establecidos no orzamento inicial. Establécese unha porcentaxe de desviación máxima do 20 % dos custos directos con respecto ao orzamento inicial presentado.

4. Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida; para cada factura ou documento análogo indicaranse o número de unidades, o prezo unitario destas e o custo total de cada unidade.
5. Conta xustificativa de ingresos segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica (anexo II.B COD SIA: 288331 Mod.: 231E086G).

O incumprimento das obrigas de xustificación implicará a perda da subvención.

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice o Servizo de Benestar Social, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento, poderáselles esixir responsabilidade administrativa.

Décimo oitava. Pagamento

Para facer efectiva a subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención que corresponda.

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.

Os gastos que figuren na conta xustificativa serán aboados preferiblemente polas entidades beneficiarias antes de presentar a xustificación da subvención, pero, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a súa percepción.

Décimo novena. Incumprimentos e réxime sancionador

Se a entidade beneficiaria non presenta a documentación unha vez vencido o prazo, o Servizo de Benestar Social requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días. A falta de presentación da documentación neste prazo suporá o inicio do expediente de perda da subvención e as responsabilidades previstas na LXS.

O incumprimento por parte das entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e na demais normativa aplicable, así como das condicións que no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión, e tras a tramitación do oportuno expediente, dará lugar á súa cancelación de forma parcial ou total e, en caso de que a subvención xa fose aboada, á obriga de reintegrar a achega económica, consonte o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

De acordo co artigo 34 da LSG, o xuro de demora aplicable será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 %, salvo que na Lei de orzamentos xerais do Estado se estableza outro diferente.

No referente ás infraccións e sancións administrativas, aplicarase o previsto nos artigos 52 e seguintes da LXS, 50 e seguintes da LSG e 32 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésima. Réxime xurídico

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase o disposto na LXS, na LSG, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable.

Así mesmo, rexeranse pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola LPACAP e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas do dereito privado.

Vixésimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “Normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

ANEXO I

Proxecto descritivo da actividade

Terá unha extensión máxima de dez folios por unha cara, coa fonte Corbel e tamaño 11.

De acordo co recollido no Regulamento para un uso inclusivo da linguaxe na Deputación de Pontevedra (BOPPO núm. 229, de 29 de novembro de 2017), deberá empregarse unha linguaxe escrita e iconográfica inclusiva e exenta de sexismo que promova a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

O proxecto deberá ter a seguinte estrutura:

A. Denominación ou nome da actividade ou do proxecto

Identificación da actuación para a que se solicita a subvención.

B. Fundamentación ou xustificación

Diagnóstico e antecedentes que xustifiquen a posta en marcha ou continuidade do proxecto ou da actividade, explicación das prioridades e dos problemas detectados, así como a motivación de que a actuación é viable e a alternativa máis axeitada para acadar os obxectivos propostos. Idoneidade do proxecto para cubrir as necesidades que pretenda paliar ou mellorar.

C. Obxectivos

Detalle dos obxectivos xerais e específicos en concordancia coas actividades e con referencia aos indicadores de seguimento propostos. Poderase achegar como documento complementario unha matriz na que se indiquen os obxectivos xerais e específicos relacionados coas actividades, os indicadores e os resultados esperados logo da súa execución.

D. Persoas beneficiarias e ámbito de actuación

Identificación do número de persoas beneficiarias directas (aquelas directamente favorecidas pola actuación) e indirectas. Así mesmo, detallarase o ámbito territorial no que se vai desenvolver a actuación: local, comarcal ou provincial.

E. Metodoloxía empregada

Descrición pormenorizada das diferentes actividades que se van levar a cabo para desenvolver a actuación obxecto de subvención, na que se especificarán as técnicas e/ou os instrumentos utilizados para acadar as metas e os obxectivos propostos, as medidas que se implementarán para a transversalidade de xénero e para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Descrición do proceso avaliativo, coa definición de indicadores específicos e accións programadas para cumprir os obxectivos, as ferramentas e os instrumentos de avaliación empregados.

F. Temporalización

Elaboración dun cronograma detallado, no que se fará referencia á planificación das diversas accións desde o comezo ata o remate destas, co obxectivo de establecer as distintas etapas do proxecto que se pretende subvencionar; nel indicaranse as datas nas que se levarán a cabo e o número de meses nos que se executará o proxecto.

No caso de modificación na execución da actividade por causas imprevistas, debidamente motivada, esta deberá axustarse ao número de meses descritos inicialmente para cumprir os obxectivos propostos.

G. Recursos

Para valorar a actuación, cómpre contar con diversos recursos que ofrezan unha certa garantía de viabilidade. Especificaranse os seguintes:

- Recursos humanos. Descrición dos perfís do equipo humano que participará na súa posta en marcha e execución, detalle da categoría profesional e meses dedicados ao proxecto que se pretende subvencionar, así como se é persoal contratado da entidade ou de servizos externos.
- Recursos materiais. Detalle das instalacións necesarias e do material que se vai usar.
- Recursos financeiros. Orzamento detallado por aplicacións, que garde relación coas actividades que se van desenvolver no proxecto obxecto de subvención.

K. Avaliación e impacto social estimado. Difusión

Débense sinalar as técnicas e os instrumentos empregados para medir o grao de cumprimento dos obxectivos da actuación subvencionable e, deste xeito, proxectar o resultado estimado segundo os indicadores iniciais que se tivesen en conta e describir o impacto acadado.

Descrición do plan de difusión do proxecto subvencionado, os materiais e as canles de difusión previstas.